

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DE POLÍTICAS DE EMPREGO E FORMACIÓN NO ANO 2026

COMPARECEN

Dunha parte, José González Vázquez, Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en adiante, USC), con CIF Q1518001A, e domiciliada en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da USC, segundo Decreto 35/2022 do 17 de marzo da Xunta de Galicia (DOG do 22/03/2022), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE de 12/04/2023) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMERO.- O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula os principios que deben rexer a actuación das Administracións Públicas sinalando que deberán respectar na súa actuación e relacións, entre outros os principios de planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas.

Así mesmo, a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación e a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación e as empresas, co fin de dar unha resposta eficaz ás exixencias do cambio tecnolóxico.



SEGUNDO.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da sociedade.

A USC, a través do seu Departamento de Economía Aplicada, dispón de longa experiencia e de persoal especialista nas liñas de investigación sobre avaliación de políticas públicas, con valía profesional e prestixio recoñecido, así como dos medios técnicos adecuados para o desenvolvemento destas actuacións.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Administración Autonómica ao que de acordo co disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica, lle corresponde propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial. E polo tanto ten as competencias no ámbito da análise e avaliación das políticas públicas de emprego e formación que desenvolve.

CUARTO.- Que o 13 de febreiro do 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a USC para fomentar, promover e financiar a realización de estudos e informes relacionados coa avaliación de políticas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería.

Os resultados das actuacións realizadas en virtude do dito convenio constitúen unha primeira fase dunha colaboración centrada na elaboración da diagnose sobre a situación actual e a aproximación ás necesidades no que a liñas estratéxicas de actuación se refire.

A Xunta de Galicia e a USC consideran esencial continuar coa colaboración na realización de accións conxuntas que permitan avanzar no desenvolvemento metodolóxico necesario para a análise rigorosa das políticas de emprego e o seu seguimento, co obxecto de dispoñer de información actualizada para o deseño de novas actuacións.

QUINTO.- Que a sinatura deste convenio é considerada de utilidade pública na medida en que os estudos e investigacións a realizar permitirán profundar na análise da calidade útil das políticas da Consellería co fin de coñecer os efectos da súa implementación e mellorar a súa planificación futura en atención aos resultados obtidos e así como a difusión de coñecementos e investigacións no eido propio da Consellería, motivo polo que o financiamento destas actuacións constitúe unha subvención prevista nominativamente no



Proxecto de lei de orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2026, segundo o disposto nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto, as partes acordan formalizan o presente Convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a USC e a Xunta de Galicia a través da Consellería (en adiante, Colaboración) para fomentar, promover e financiar a realización de investigacións e informes relacionados coa avaliación de políticas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co fin de coñecer os efectos da súa implementación e mellorar a súa planificación futura en atención aos resultados obtidos así como para a difusión de coñecementos e investigacións no eido propio da Consellería e contribuír a estender a cultura da avaliación, de acordo co plan de traballo que se inclúe no ANEXO TÉCNICO do presente Convenio.

SEGUNDA. DEFINICIÓNS

1. Información Previa.- Para os propósitos do presente Convenio, *Información Previa* fai referencia a todos aqueles datos e información non pública que obran en poder dunha das *Partes* xa sexa con anterioridade á data de inicio do presente Convenio, ou ben que fosen desenvolvidos ou adquiridos a partir da citada data fora do marco das investigacións obxecto do presente Convenio, ou ben o coñecemento que no seu caso puidese obterse en paralelo ou a partir de desenvolvementos futuros do mencionado coñecemento previo.

2. Información Adquirida.- Por *Información Adquirida* enténdese o conxunto de datos, informes e resultados que fosen obtidos como consecuencia das investigacións obxecto do presente Convenio.

TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2026. Financiará os gastos nos que incorra a USC para a organización das actividades previstas no apartado segundo do ANEXO TÉCNICO co fin de levar a cabo a investigación aplicada e avaliación das políticas públicas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería, que foran realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026.



CUARTA. COMPROMISOS E CONDICIÓNS DA COLABORACIÓN

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente Convenio as *Partes* contratantes asumen os seguintes compromisos:

Por parte da USC:

- Permitir o uso de equipamentos e instalacións para a realización das actividades de investigación.
- Achegar profesionais cualificados e especializados en Economía Pública, baixo a dirección de Santiago Lago Peñas.
- Facer seguimento e aplicación da literatura especializada no ámbito nacional e internacional relativo á análise de políticas de emprego e formación.
- Avanzar na metodoloxía da avaliación, realizar estudos, informes e difundir os resultados da investigación na súa aplicación práctica ás políticas desenvolvidas pola Consellería.
- Xerar instrumentos de análise que permitan á Xunta de Galicia afondar nos resultados obtidos e adaptar as políticas públicas aos obxectivos estratéxicos relativos ao emprego.
- Realizar actividades de difusión e publicación dos resultados obtidos na procura da alfabetización e avance na cultura da avaliación de políticas de emprego e formación.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Por parte da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:

- Colaborar coa USC na realización do inventario da información necesaria para levar a cabo as investigacións descritas.
- Elaborar conxuntamente coa USC unha proposta do plan de explotación da información dispoñible na Consellería.
- Orientar as liñas de traballo e de investigación en materia de análise e avaliación das políticas de emprego e formación.
- Fixar no primeiro trimestre do ano, as liñas de traballo a desenvolver na anualidade corrente.
- Colaborar coa USC para a finalidade deste convenio cunha achega económica de setenta e cinco mil euros anuais (75.000,00 euros/anuais).



QUINTA. FINANCIAMENTO

Para o cumprimento dos compromisos mencionados na *Cláusula Cuarta*, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración realizará unha achega económica á USC de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 14.02. 322C 444.01, proxecto 2025 00129 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

A USC xustificará a axuda mediante a presentación da conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa da actividade realizada e a acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do Convenio.
- Unha certificación expedida polo órgano de control da USC que corresponda na que se acredite que se cumpriu a finalidade do presente Convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagos, entre os que se incluírán o pagamento adicional pola dedicación do persoal da USC e do persoal colaborador externo.
- Acreditación do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e das súas obrigas tributarias e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas deberá presentarse ante a Consellería antes do 1 de decembro de 2026, por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A Consellería realizará o pagamento da axuda, unha vez comprobada a xustificación presentada pola USC e pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, antes do 31 de decembro de 2026.

Si o custo das actividades cuxa desagregación figura no ANEXO TÉCNICO fose superior ao importe conveniado, a diferenza será asumida integramente pola USC.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou



recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A USC queda obrigada a comunicar á Consellería as axudas percibidas para a mesma finalidade.

SÉTIMA. REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a USC nas cláusulas deste convenio.

OITAVA. RESPONSABILIDADE DO TRABALLO

Para o correcto seguimento do *Proxecto* desde o punto de vista científico-técnico os interlocutores válidos serán:

Pola USC:

Pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:

D. Santiago Lago Peñas

D. José González Vázquez

Departamento de Economía Aplicada

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

Universidade de Santiago de Compostela

NOVENA. SEGUIMENTO DO TRABALLO

Para definir os traballos concretos a desenvolver e para vehicular o seguimento e cumprimento dos mesmos constituirase unha Comisión Mixta paritaria formada por 4 persoas e integrada pola Vicerreitora de Política Científica da USC, ou persoa en quen delegue e o Prof. Santiago Lago Peñas e por parte da Consellería, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración e o Secretario Xeral de Emprego, ou persoas nas que no seu caso deleguen.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio e asumirá as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento dos fins previstos neste convenio.



- Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
- Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
- Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.

DECIMA. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E PROPIEDAD DOS RESULTADOS

1. Confidencialidade.- As *Partes* manterán confidencial calquera *Información Previa* sempre que non sexa de dominio público, que reciban da outra *Parte*, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra *Parte* e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente Convenio.

A *Información Adquirida*, como datos e informes obtidos durante a realización do estudo obxecto do presente Convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial. Cando unha das *Partes* desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade, a *Información Adquirida* para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade á outra *Parte* por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable da mesma no seguimento do proxecto. A outra *Parte* deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días, establecendo a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información que se pretende difundir. Transcorrido devandito prazo sen obter resposta entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Tanto en publicacións como en patentes respectarase sempre a mención aos autores do traballo. En calquera dos casos de difusión farase sempre especial referencia ao presente Convenio. Con todo, a utilización do nome da USC con fins publicitarios, requirirá a autorización previa e expresa por escrito dos órganos competentes da mesma.

Esta obrigação de confidencialidade non será de aplicación cando:

- a) A *Parte* receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- b) A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- c) A *Parte* receptora obteña autorización previa e por escrito para a súa divulgación.
- d) A información sexa requirida xudicialmente.

Ambas as *Partes*, comprométense igualmente a que todo o persoal que participa no desenvolvemento do *Proxecto* coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta Cláusula.



2. Información Pública.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, autoriza á USC a dar información pública da firma deste Convenio na que se poderá incluír título, orzamento e prazo de realización.

DECIMO PRIMEIRA. DEREITOS SOBRE PROPIEDAD INTELECTUAL

1. Dereitos de propiedade e uso da Información Previa.- Cada Parte seguirá sendo propietaria da *Información Previa* achegada para o desenvolvemento do *Proxecto*. Non se entenderá cedida á outra Parte, en virtude do presente Convenio, ningunha *Información Previa* ao *Proxecto*. As Partes resérvanse a facultade de utilizar a *Información Previa* da que son propietarias nas súas actividades propias e de facer a difusión que consideren adecuada. Neste sentido, a USC poderá utilizar a súa *Información Previa* para desenvolver a súa función investigadora, así como noutras posibles aplicacións futuras.

2. Uso da Información Adquirida pola USC.- A USC poderá facer uso da *Información Adquirida* durante a realización do *Proxecto* en actividades propias da súa función investigadora, sen prexuízo do establecido nos parágrafos seguintes.

3. Dereitos de propiedade intelectual das Partes sobre a Información Adquirida. Na medida en que os resultados do *Proxecto* poidan ser obxecto de propiedade intelectual, esta será compartida polas dúas partes asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS INVESTIGADORAS E COLABORADORAS DA USC

A USC poderá contratar persoal e/ou nomear colaboradores ao persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento das actividades obxecto do presente Convenio requira, de acordo co establecido no Regulamento de colaboración do Persoal de Administración e Servizos desta Universidade en Cursos e Convenios de investigación vixente na USC, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas. Así mesmo, poderá contar con persoas investigadoras do Sistema Universitario de Galicia e outras institucións españolas e estranxeiras que se incorporen *ad hoc* para o desenvolvemento das liñas de investigación acordadas e que serán asignadas a cada acción concreta na reunión da comisión mixta de seguimento.

DECIMO TERCEIRA. RELACIÓN LABORAL COA XUNTA DE GALICIA

A subscrición do presente Convenio non conleva relación laboral contractual, ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian a desenvolver actividades e a Xunta de Galicia, de forma que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN DAS PARTES

A USC deberá dar axeitada publicidade da participación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración das actividades que se realicen abeiro do presente Convenio. En todo o material que utilice e se reparta con motivo dos eventos e das actividades que se realicen, deberá facerse constar a colaboración con esta Consellería.

DÉCIMO QUINTA. REGISTRO DO CONVENIO E PUBLICIDADE DA AXUDA

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso por parte da USC para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos a este convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e cos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO SEXTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Modificación do Convenio.- As *Partes* poderán modificar os termos do presente Convenio por acordo mutuo debendo quedar reflectido por escrito nun novo Convenio ou addenda ao actual.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Resolución do Convenio. Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- e) A inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.
- f) A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

3. Obrigacións tras a terminación do Convenio.- Calquera que sexa a causa de finalización do Convenio, non supoñerá para ningunha das *Partes* a terminación dos acordos e obrigacións contraídas no mesmo, no referente ás cláusulas Décima e Décimo Primeira.

DÉCIMO SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Corresponden á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a *Secretaría Xeral Técnica da Consellería* ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación, supresión, así como exercer outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva



95/46/CE (en diante, RXPD) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a USC, ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPD a través de <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Regulación da relación entre o responsable do tratamento dos datos persoais e o encargado.

A USC respecto do tratamento de datos persoais que leve a cabo con motivo do desenvolvemento do presente convenio, terá a condición de encargado do tratamento aos efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPD e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) comprometéndose a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

- a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do Responsable do tratamento e só para os fins deste encargo.
- b) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do Responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.
- c) O Encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos.

Sen prexuízo do anterior, no caso de que o Encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos nos que interveña o tratamento de datos persoais, deberá respectar as condicións indicadas nos apartados 2 e 4 do artigo 28 do RXPD para recorrer a outro encargado do tratamento.

- d) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente convenio, aínda que finalice o seu obxecto.



e) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.

f) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obrigaón de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable do contido da devandita solicitude.

g) Axudar o responsable do tratamento a garantir o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 32 a 36 do RXPDP, tendo en conta a natureza do tratamento e a información a disposición do encargado”.

h) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no RD 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

i) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito RD 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou



denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

j) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

k) Devolver ao responsable tan pronto como finalice o convenio, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios.

E en proba de conformidade de canto antecede, asínase dixitalmente o presente documento na data da sinatura electrónica.

Pola USC

Pola Consellería

D. Antonio López Díaz

D. José González Vázquez

Reitor

Conselleiro



ANEXO TÉCNICO

PLAN DE TRABAJO

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e subvencionará as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro do 2026 e o 30 de novembro do 2026. A comisión mixta de seguimento aprobará o plan de traballo para o desenvolvemento das liñas concretas de acción antes do inicio dos traballos, no primeiro trimestre de 2026.

Durante o ano 2026 está previsto que se desenvolvan as seguintes liñas, a expensas das decisións que se adopten na comisión de seguimento do convenio:

- a. Investigación aplicada. Realización de investigación aplicada sobre políticas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- b. Definición e deseño de metodoloxías de avaliación. Elaboración e deseño de metodoloxías para avaliar as políticas de emprego, así como propostas de ferramentas necesarias para a súa análise.
- c. Aplicación e xeración de informes. Realización de informes baseados na aplicación das metodoloxías e instrumentos deseñados para analizar as políticas específicas que acorden as partes na comisión mixta.

Realización de investigación aplicada e avaliación das políticas públicas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	
Pagamentos a persoal e pagamentos adicionais derivados das colaboracións do persoal de investigación e asistentes de investigación	60.000 euros
Edición, maquetación e impresión de informes	2.000 euros
Gastos necesarios para a realización de reunións técnicas internas con persoas expertas: traslados, aloxamento, materiais, etc.	2.000 euros
Difusión, soporte e comunicación	655,17 euros
Custos indirectos USC	10.344,83 euros
TOTAL	75.000 euros



EQUIPO DE TRABALLO DA USC

Santiago Lago Peñas, Catedrático do departamento de Economía Aplicada da USC

María Cadaval Sampedro, Profesora Titular do departamento de Economía Aplicada da USC

Outras persoas investigadoras do Sistema Universitario Galego e doutras institucións españolas e estranxeiras que se incorporen *ad hoc* para o desenvolvemento das liñas de investigación acordadas e que serán asignadas a cada acción concreta na reunión da comisión mixta de seguimento.

LUGAR DE TRABALLO

Facultade de CC. Económicas e Empresariais do Campus de Santiago de Compostela,

Avda. Burgo das Nacións SN

15782- Santiago de Compostela

